



MEMORIA EN RELACIÓN COA TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

1. O Consello da Xunta de Galicia acordou, na súa reunión do 27 de xuño do 2019, autorizar o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia.
2. Tras a autorización, os trámites do procedemento de elaboración do Anteproxecto de lei para a súa aprobación como proxecto de lei son os seguintes:

a) Na fase inicial da súa tramitación, na elaboración do texto normativo, dado o seu carácter transversal, recabouse a intervención das consellerías de Xunta de Galicia.

b) Na fase inicial e intermedia, a través da **publicación do Anteproxecto de lei no Portal de transparencia** o 3 de xullo de 2019 e a **apertura do trámite de información pública** coa publicación a través do Anuncio do 1 de xullo de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* número 125, do 03.07.2019. Corrección erros *Diario Oficial de Galicia* número 128, do 08.07.2019) posibilitouse unha gran participación na elaboración da dita disposición.

Recibíronse 336 alegacións e propostas que foron presentadas por parte de 25 organizacións e persoas físicas coas seguintes conclusións:


. Significativo interese que este anteproxecto de lei ten xerado no conxunto da sociedade galega. As achegas teñen unha orixe ampla e diversa, que abrangue tanto a sociedade civil como os axentes sociais e os partidos políticos, participando no proceso persoas físicas a título individual, asociacións e organizacións relacionadas directa e indirectamente coa materia regulada, axentes do terceiro sector, da economía social, etc... . Importante participación no trámite de exposición pública.

. O contido das achegas recibidas evidencia o elevado grao de adecuación do contido da norma ás expectativas da sociedade.

. Importante e laborioso traballo desenvolvido polos departamentos da administración autonómica directamente relacionados co contido da norma que levou consigo novas revisións do texto (melloras na redacción en pro da súa claridade e concreción).

. Introducción de suxestións, tanto de carácter formal, que melloran a súa claridade, homoxeneidade e precisión, como de contido, que modulan o alcance dalgúns dos ámbitos previamente regulados. Así, modifícase un total de 29 artigos e 4 disposicións e engadense 4 novos artigos e unha disposición, o que nos permite concluír que o texto resultado deste proceso supón unha mellora importante do presentado inicialmente ao tempo que afonda na aliañación da norma cos intereses da sociedade.

O exposto queda recollido no informe sobre o tratamento das observacións, suxestións e alegacións elaborado polo órgano directivo con competencias en materia de familia, infancia



e dinamización demográfica, promotor do anteproxecto de lei, que se incorpora ao expediente.

c) Informes e ditames.

O Anteproxecto de lei foi informado polos seguintes órganos:

. Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade do 2 de agosto de 2019

Informe da Dirección Xeral de Función Pública do 24 de setembro de 2019.

Así mesmo, á Dirección Xeral de Función Pública achega as propostas ao anteproxecto de lei e a certificación do acordo na Comisión de persoal.

. Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa do 5 de novembro de 2019.

. Ditame do Consello Galego de Benestar Social. Certificado do secretario do órgano expedido o 28 de novembro de 2019 sobre o acordado na reunión do 31 de outubro de 2019.

. Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos do 2 de decembro de 2019

. Informe da Xunta Consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Tras un primeiro estudo na Comisión de Secretarios Xerais Técnicos, o anteproxecto de lei na súa versión do 29.11.2019 someteuse ao informe do Consello Económico e Social o 4 de decembro de 2019 que emite o seu ditame 1/2020, o 13 de xaneiro.

Tras os antecedentes, estrutura e contido, as consideracións xerais sobre a complexidade da norma e a súa transversalidade, a necesidade da maior concreción, a referencia ás dificultades derivadas da situación económica e laboral, a incorporación de medidas específicas, a maior dotación orzamentaria, a necesidade do desenvolvemento regulamentario, as observacións en materia contractual, a participación de interlocutores económicos e sociais, a observación sobre os aspectos formais do texto e o seu axuste ás directrices de técnica normativa, o ditame recolle unha serie de consideracións específicas referidas á parte expositiva e aos artigos 3, 4, 5, 6, 9, 12, 16, 17, 21, 22, 23, 24, 27, 28, 31, 34, 38, 39, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 50, 54, 61, 62, 71, 76, 77, 79, 81, 82, 83, 84, 87, 89, 90, 91, 94, 96, 97, 100, 104.

Igualmente pronunciase sobre á parte final do anteproxecto e de xeito específico, en relación á disposición derradeira primeira, sobre a modificación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á cidadanía, así como sobre a disposición derradeira segunda en relación á creación do Comité de Ética dos servizos sociais de Galicia e sobre a disposición derradeira quinta referida á modificación do



texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade aprobado polo Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro.

O tratamento das observacións recollese no informe elaborado polo órgano directivo competente en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, que se incorpora ao expediente.

e) O Anteproxecto de lei foi sometido ao informe da Asesoría Xurídica Xeral.

Tras a fase intermedia da tramitación solicítase o informe da Asesoría Xurídica Xeral e con data 9 de xaneiro de 2020 emite o seu informe.

No informe, tras o estudo dos antecedentes, as observacións xerais sobre a competencia, a análise do procedemento de elaboración da norma, o fundamento competencial e normativo, procedeceu ao estudo do anteproxecto normativo formulando as observación xerais e específicas sobre o dito anteproxecto.

Sobre o procedemento na elaboración de normas con rango de lei, a Asesoría Xurídica Xeral observa a ausencia dunha norma autonómica que de xeito completo e integrado regule o dito procedemento e a consecución dos trámites na súa elaboración, acudindo por tanto aos previstos en normas dispersas como a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo, a Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e a Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se establece o contido mínimo da memoria económico financeira nos casos de iniciativas legislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, todo elo sen prexuízo da materia obxecto da regulación que determine acudir a normas sectoriais.

Co exposto, a Asesoría Xurídica Xeral fai mención á incorporación ao expediente do informe do Consello Económico e Social de Galicia, en virtude das materias que sexan preceptivas para a emisión do seu ditame de conformidade co disposto no artigo 5.1.1 a) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, polo que se crea o dito órgano consultivo. Ao respecto, dada a transversalidade da norma en estudo e de conformidade coa antedita lei, o ditame foi debidamente recabado e recibido o seu pronunciamento.

Así mesmo, polo que se refire as diversas medidas que inciden sobre o réxime do persoal do sector público autonómico, consta que o anteproxecto de lei foi obxecto do estudo e informe polo órgano directivo competente en materia de función pública. O dito órgano elevou aos órganos de persoal e negociación colectiva ás ditas medidas contidas no anteproxecto de lei e que foron obxecto de observacións e suxestións e que se incorporan ao expediente xunto co seu tratamento.



Igualmente, polo que se refire ás medidas que afectan á materia de contratación do sector público, consta o seu estudo pola Xunta Consultiva de contratación da Comunidade Autónoma que emitiu o seu informe e que se incorpora ao expediente. Ao respecto, indicase que o anteproxecto foi así mesmo remitido á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, órgano ao que está adscrito o dito órgano consultivo específico.

Por outra banda, tras as recomendacións sobre correccións gramaticais, o axuste ás directrices de técnica normativa e á terminoloxía da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, procedeu á análise pormenorizada da parte expositiva, do texto articulado e da parte final.

De forma específica analiza os artigos 2, 3, 6, 8, 20, 28, 29, 38, 46, 50, 55, 98, a disposición adicional segunda sobre a estratexia de impulso demográfico, a disposición adicional terceira sobre o plan de apoio ás familias monoparentais, a disposición derradeira primeira, sobre a modificación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á cidadanía, a disposición derradeira segunda referida á creación do Comité de Ética dos servizos sociais de Galicia, a disposición derradeira terceira que recolle á modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a disposición derradeira quinta, sobre a modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro, e emite observación sobre a introducción dunha nova disposición derradeira coa modificación da norma do empregado público. Por último incide sobre a entrada en vigor recollida na disposición derradeira sétima.

O tratamento das observacións recollese no informe elaborado polo órgano directivo competente en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, que se incorpora ao expediente.

f). Resultado do informe da Asesoría Xurídica Xeral e tras o informe da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, elevase o anteproxecto de Lei o seu estudo na Comisión de Secretarios Xerais Técnicos.

g) Posteriormente, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 23 de xaneiro de 2020, aprobou o texto do Proxecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia, que foi remitido, para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia, o 27 de xaneiro de 2020.

3. No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 598, do 28 de xaneiro de 2020, publicouse o acordo da Mesa do Parlamento relativo á admisión a trámite do proxecto de lei e á apertura do prazo de presentación de emendas.

4. No *Diario Oficial de Galicia* nº 28, do 11 de febreiro, publicouse o Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, polo que a tramitación parlamentaria do proxecto de lei veuse afectada pola disolución da Cámara.



Así, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 608, do 18 de febreiro de 2020 publicouse o Acordo da Mesa da Deputación Permanente, do 14 de febreiro de 2020, polo que se declara a caducidade dos asuntos parlamentarios en trámite como consecuencia da disolución do Parlamento de Galicia. Conforme o disposto no dito acordo, se declaran caducados todos os asuntos pendentes de exame e resolución pola Cámara coas excepcións enumeradas no seu punto primeiro, entre as que non se atopa o proxecto de lei que nos ocupa, o cal, en consecuencia, resultou afectado pola declaración de caducidade.

Conforme o disposto no ditame do Consejo de Estado número 2415/2004 e co sinalado por outros órganos consultivos, procede entender que esta declaración de caducidade afecta só a iniciativa legislativa propiamente dita, quedando sen efecto os trámites do iter parlamentario que respecto dela se realizaron. Esta privación de efectos, sen embargo, non é aplicable nin afecta *per se* á fase de tramitación administrativa da iniciativa. Isto é, a caducidade da instancia parlamentaria non se estende aos trámites da elaboración previa do proxecto de lei, de xeito que, trala celebración das eleccións, a constitución do Parlamento e a formación do novo Goberno autonómico, o Consello da Xunta pode retomar a dita iniciativa, aprobando o mesmo texto como proxecto de lei para a súa remisión ao Parlamento, con conservación dos trámites realizados con ocasión da anterior iniciativa.

5. Unha vez constituído, o 7 de agosto de 2020, o Parlamento de Galicia, e conformado un novo Goberno autonómico, este pode aprobar os proxectos de lei que considere oportunos e necesarios para a súa posterior remisión ao Parlamento de Galicia.

6. Desde a Consellería de Política Social considérase que procede retomar a iniciativa relativa ao Proxecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia, aprobando a tal efecto o Consello da Xunta, como proxecto de lei, o mesmo texto que foi anteriormente sometido á súa aprobación, con mantemento da tramitación administrativa xa efectuada.

En atención ao exposto, tendo en conta, por unha banda, que a declaración de caducidade da iniciativa legislativa relativa ao Proxecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia derivada do acordo da Mesa da Deputación Permanente do 14 de febreiro de 2020, non afecta á fase de tramitación administrativa da mesma e, por outra banda, que se mantén o mesmo texto do anterior proxecto aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 23 de xaneiro de 2020, sen introducir ningún cambio, elévase, para a súa aprobación polo Consello da Xunta como proxecto de lei e a súa posterior remisión ao Parlamento de Galicia, o anteprojecto de Lei de Impulso Demográfico de Galicia, con conservación dos trámites administrativos realizados con ocasión da anterior iniciativa que se recollen nesta memoria.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Secretaría Xeral Técnica
María Francisca Gómez Santos

